



Teaching Guide

| Identifying Data | | | | | 2020/21 |
|----------------------------|---|---------------|----------------------------|-----------|---------|
| Subject (*) | Planning and management of destinations and touristic products of congress and conventions | | Code | 615524013 | |
| Study programme | Mestrado Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos(plan 2016) | | | | |
| Descriptors | | | | | |
| Cycle | Period | Year | Type | Credits | |
| Official Master's Degree | 2nd four-month period | First | Optional | 3 | |
| Language | Spanish | | | | |
| Teaching method | Face-to-face | | | | |
| Prerequisites | | | | | |
| Department | EconomíaEmpresa | | | | |
| Coordinador | Rodríguez Fernández, María Magdalena | E-mail | magdalena.rodriguez@udc.es | | |
| Lecturers | Rodríguez Fernández, María Magdalena | E-mail | magdalena.rodriguez@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| General description | <p>Os obxectivos da materia son os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none">1) Definir e contextualizar conceptos básicos relacionados co turismo MICE, así como analizar a situación actual e tendencias futuras no mercado do turismo de negocios e reunións.2) Coñecer os axentes ou entes implicados máis importantes no desenvolvemento deste tipo de turismo.3) Estudar as características máis importantes que diferencian os congresos; as convencións; as xornadas, seminarios, simposios; as feiras, salóns, exposicións e; as viaxes de incentivos.4) Analizar e desenvolver os pasos a seguir para organizar un congreso nos seus diferentes aspectos.5) Determinar a importancia da mercadotecnia de destinos e produtos no turismo de negocios e reunións coa finalidade de salientar determinados aspectos vinculados á comercialización, comunicación, imaxe e posicionamento. <p>A utilidade desta materia para a Planificación e Xestión do turismo fundaméntase en:</p> <ol style="list-style-type: none">a) Mellorar a prosperidade a longo prazo da comunidade local.b) Deleitar aos visitantes maximizando a súa satisfacción.c) Aumentar a rentabilidade das empresas locais e os efectos multiplicadores na súa economía.c) Optimizar os impactos do turismo, asegurando un equilibrio sostible entre beneficios económicos e custos socioculturais e ambientais.d) Promover o destino e satisfacer as necesidades de turistas e comunidade local. <p>Entre os beneficios que reporta o turismo de negocios e reunións, cabe destacar os seguintes: Económicos, Culturais (status, formación...), Desestacionalización, Publicidade beneficiosa e gratuita, Crecemento de ingresos debido a que o gasto medio deste tipo de turistas é superior ao vacacional, Diversificación da oferta, Economías de escala e Boa imaxe de destino</p> <p>Esta tipoloxía de turismo contribúe polo tanto, ao posicionamento turístico das cidades, dos organizadores, dos patrocinadores e dos colaboradores e mesmo das temáticas específicas dos congresos.</p> | | | | |



| | |
|-------------------------|---|
| Contingency plan | <p>1. Modifications to the contents</p> <p>2. Methodologies</p> <p>*Teaching methodologies that are maintained</p> <p>*Teaching methodologies that are modified</p> <p>3. Mechanisms for personalized attention to students</p> <p>4. Modifications in the evaluation</p> <p>*Evaluation observations:</p> <p>5. Modifications to the bibliography or webgraphy</p> |
|-------------------------|---|

| Study programme competences | |
|------------------------------------|--|
| Code | Study programme competences |
| A1 | CE1 - Que os estudantes coñezan os principios da planificación e a xestión sustentable |
| A3 | CE4 - Que os alumnos aprendan as técnicas de dirección de organizacións públicas e de empresas do sector turístico |
| A5 | CE6 - Saber manexar o capital social, entendendo o destino turístico como sistema e relacionar axentes implicados no desenvolvemento do produto turístico |
| A6 | CE8 - Planificar novos destinos e produtos turísticos |
| A8 | CE11 - Saber definir proxectos de investigación innovadores que repercutan positivamente no sector |
| A9 | CE12 - Utilizar as metodoloxías científicas adecuadas tanto cualitativas como cuantitativas |
| A10 | CE10 - Manexar as TIC para a comunicación, promoción e a comercialización |
| A12 | CE7 - Capacidade para interpretar os cambios sociais e como afectan as innovacións nos produtos e ao comportamento do consumidor |
| B1 | CB6 - Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación |
| B2 | CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo |
| B6 | CG1 - Expresarse correctamente, tanto de forma verbal como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma |
| B7 | CG2 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida |
| B8 | CG3 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseada no coñecemento e orientadas ao ben común |
| B9 | CG4 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras |
| B12 | CG7 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade |
| C3 | CT3 - Trabajar de forma autónoma con iniciativa |
| C4 | CT4 - Traballar de forma colaborativa |
| C6 | CT6 - Capacidade para interpretar, seleccionar e valorar conceptos adquiridos noutras disciplinas do ámbito turístico |
| C8 | CT8 - Comunicar por escrito e oralmente os coñecementos procedentes da linguaxe científica |
| C9 | CT9 - Capacidade para resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, creatividade, razonamiento crítico e de comunicar e transmitir coñecementos habilidades e destrezas |

| Learning outcomes | |
|--------------------------|-----------------------------|
| Learning outcomes | Study programme competences |
| | |



| | | | |
|--|--------------------------|---------------------------------|--------------------------|
| Describir a situación actual e as tendencias futuras no mercado do turismo de reunións e convencións. | AJ1 AC3 | BC2 | |
| Identificar os axentes ou entes implicados no desenvolvemento do turismo de reunións e convencións. | AJ3 | | |
| Planificar novos produtos turísticos para reunións e convencións. | AJ5 AJ6 AC1 AC3 | BC7 BC12 | CC6 CC9 |
| Aplicar os pasos a seguir para organizar un congreso nos seus diferentes aspectos. | AR1 AR2 AC1 | BC1 BC2 BC6 BC8 BC9 | CC3 CC4 CC6 CC8 |
| Avaliar a importancia da mercadotecnia de destinos e produtos no turismo de negocios e reunións. | AC1 AC3 | | CC6 |
| Aplicar las TIC para la comunicación, promoción y la comercialización de productos turísticos para reuniones y convenciones. | AC1 | BC7 | |

| Contents | |
|---|--|
| Topic | Sub-topic |
| TEMA 1: INTRODUCCIÓN AO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN | 1.1. DEFINICIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN 1.2. SITUACIÓN ACTUAL E TENDENCIAS DO MERCADO DE NEGOCIOS E REUNIÓN 1.3. O TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN EN ESPAÑA, GALICIA E CORUÑA: ANÁLISE DA OFERTA E DEMANDA |
| TEMA 2: ESTRUTURAS ORGANIZATIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN | 2.1. OS CONVENTION BUREAU 2.2. EMPRESAS OPC: ESTRUCTURA E FUNCIONES 2.3. AXENCIAS DE EVENTOS 2.4. AXENCIAS DE COMUNICACIÓN 2.5. PROVEDORES DE SERVIZOS: ANIMACIÓN, CATERING, AXENCIAS DE VIAJES,? 2.6. PAZOS DE CONGRESOS E EXPOSICIONES 2.7. RECINTOS FEIRAIS 2.8. ASOCIACIONES E OUTROS AXENTES IMPLICADOS: MEDIOS DE COMUNICACIÓN, ADMINISTRACIÓN, TRANSPORTES.. |
| TEMA 3: O CONGRESO, A CONVENCION E OUTRAS TÉCNICAS DE NEGOCIO E REUNION ASOCIADAS AO MUNDO DA EMPRESA TURISTICA | 3.1. OBIECTIVOS E FUNCIONES. 3.2. CARACTERÍSTICAS: CONTIDOS E PROGRAMA; TEMPORALIDADE; DESTINATARIOS; DIFUSION; INTENSIDADE; REQUISITOS INTERNOS; CORPORATIVIDADE; ACCIONES PARALELAS |
| TEMA 4: A ORGANIZACION DUN CONGRESO | 4.1. FASES E DESENVOLVEMENTO 4.2. PREPARACION E ORGANIZACION 4.3. COMERCIALIZACION E DIFUSION 4.4. EXECUCION E CONTROL |
| TEMA 5: A APLICACION DO MARKETING DE DESTINOS E PRODUCTOS AO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNION | 5.1. QUE DEBE FACER UN DESTINO PARA TER EXITO NESTE TIPO DE TURISMO 5.2. PROMOCION E COMERCIALIZACION DO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNION 5.3. A IMPORTANCIA DA IMAXE E O POSICIONAMENTO PARA O TURISMO DE NEGOCIOS E REUNION |

Planning



| Methodologies / tests | Competencies | Ordinary class hours | Student?s personal work hours | Total hours |
|--------------------------------|--|----------------------|-------------------------------|-------------|
| Workbook | B1 B2 C3 C8 | 4 | 8 | 12 |
| Supervised projects | A1 A5 A6 A10 A8 A9 B8 B9 B12 C4 C6 C8 C9 | 15 | 20 | 35 |
| Oral presentation | B2 B6 | 1 | 0 | 1 |
| Guest lecture / keynote speech | A3 A12 B7 | 24 | 0 | 24 |
| Personalized attention | | 3 | 0 | 3 |

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

| Methodologies | |
|---------------------|---|
| Methodologies | Description |
| Workbook | <p>Facilitaranse como máximo aos alumnos da modalidade presencial e online dous textos ou lecturas de carácter obrigatorio como complemento ás sesións maxistras. O obxectivo destas é xerar discusión, fomentar a participación activa do alumno e resolver as cuestións que se formulen. O idioma das devanditas lecturas poderá ser o inglés ou o castelán.</p> <p>As lecturas deberán ser desenvolvidas tanto polos alumnos da modalidade presencial coma polos da online. Estas consideraranse na avaliación final da materia, polo que é importante que todos os alumnos as entreguen.</p> |
| Supervised projects | <p>Para o caso de modalidade presencial:</p> <p>Elaboración dun traballo en grupo relacionado coa materia en cuestión, onde o alumno deberá ser capaz de organizar un congreso de turismo nun destino, cuxa temática e lugar quedarán a elección deste. Para iso deberán crearse entre dous e tres grupos de traballo.</p> <p>Durante a impartición das sesións maxistras levarase a cabo a tutorización correspondente ao traballo desenvolvido, así como o seguimento do labor levado a cabo polos diferentes grupos.</p> <p>Os traballos deberán expoñerse en público nas datas establecidas.</p> <p>Para o caso de modalidade non presencial/online:</p> <p>A elaboración do traballo será individual, salvo que alguén desexe formar grupos virtuais con outros alumnos da súa mesma modalidade, o cal deberá comunicalo coa suficiente antelación á profesora.</p> <p>Para os alumnos desta modalidade o traballo terá o mesmo contido que no caso da modalidade presencial.</p> <p>Os alumnos non presenciais tamén serán tutorizados de forma continua e farase un seguimento do seu traballo de forma individual ou colectiva, segundo sexa o caso.</p> <p>Estos alumnos tamén deberán expoñer o seu traballo diante da profesora utilizando para iso os medios audiovisuais que sexan posibles e esteñan ao se alcance. Neste caso concertarase un día nas datas establecidas para a exposición dos seus traballos a cal se fará de forma virtual, preferiblemente a través de Teams.</p> |
| Oral presentation | <p>No caso da modalidades presencial e non presencial, os diferentes membros do grupo, ou os alumnos de forma individualizada deberán expoñer o traballo tutelado como xa se ten especificado na metodoloxía anterior. Aspecto que será valorado na nota final.</p> |



| | |
|---------------------------------------|--|
| <p>Guest lecture / keynote speech</p> | <p>Explicación dos contidos que conforman o marco teórico da materia mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, a través de medios audiovisuais (power point) e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe.</p> <p>Todos os estudantes, tanto os da modalidade presencial como os da online, terán acceso a este material a través da plataforma moodle.</p> <p>No caso dos estudantes da modalidade online poderanse crear foros virtuais, a través da plataforma moodle, para manter discusións e debates sobre temas de interese relacionados coa materia.</p> <p>A asistencia a clase para estudantes da modalidade presencial e a participación nos foros virtuais para os da online será obrigatoria polo que se computará a efectos da nota final.</p> <p>Como parte das sesións maxistras poderase organizar unha saída externa para coñecer in situ o funcionamento dalgunha empresa relacionada coa organización de eventos. Esta saída está aberta aos estudantes de ambas modalidades polo que ten carácter optativo.</p> |
|---------------------------------------|--|

Personalized attention

| Methodologies | Description |
|---|--|
| <p>Workbook Supervised projects</p> | <p>Estou a disposición dos alumnos para titorías presenciais/online cando o consideren oportuno.</p> <p>Durante o curso académico, prestarase atención personalizada e continua a todos os estudantes matriculados nesta materia, tanto para responder preguntas sobre as clases presenciais /online como para abordar temas relacionados co traballo. Neste sentido, os distintos membros do grupo, ou os estudantes individualmente, tanto os da modalidade presencial como os da online, poderán plantexar as dúbidas correspondentes ás sesións maxistras, ao desenvolvemento das lecturas e á preparación do traballo tutelado.</p> <p>As titorías realizaranse preferiblemente por Teams, correo ou teléfono.</p> <p>Teams: magdalena.rodiguez@udc.es Correo electrónico: magdalena.rodiguez@udc.es Teléfono: 981.167.000, Extensión: 2592</p> |

Assessment

| Methodologies | Competencies | Description | Qualification |
|---------------------------------------|--------------------|--|---------------|
| <p>Guest lecture / keynote speech</p> | <p>A3 A12 B7</p> | <p>Asistencia e participación obrigatoria que se valorarán tendo en conta a implicación dos estudantes en sesións presenciais (modalidade presencial) ou participación activa e razoada en foros / debates, tarefas colaborativas, titorías virtuais, ... (modalidade online).</p> | <p>10</p> |
| <p>Workbook</p> | <p>B1 B2 C3 C8</p> | <p>Neste caso propóñense como máximo dous artigos ou lecturas obrigatorias, cuxos alumnos de ambas as dúas modalidades (presencial e online) deberán ler, comentar, opinar e responder a unha serie de cuestións que se formulen nestas. As devanditas lecturas deberán ser desenvolvidas por todos os alumnos de xeito individual, as cales supoñerán un 10% na cualificación final da materia, sempre que se cumpran unha serie de requisitos, entre os cales se encontran, calidade de redacción, opinión contrastada, utilización de fontes bibliográficas, etc.</p> <p>O prazo de entrega das devanditas lecturas farase a cuarta semana do mes de marzo.</p> | <p>10</p> |



| | | | |
|---------------------|--|---|----|
| Supervised projects | A1 A5 A6 A10 A8 A9 B8 B9 B12 C4 C6 C8 C9 | <p>Avaliación continua do traballo realizado ao longo da materia. O desenvolvemento do traballo ben sexa en grupo (modalidade presencial/online) ou individualizado (modalidade online) representará o 60% da nota final.</p> <p>Na devandita valoración teranse en conta os seguintes aspectos:</p> <ol style="list-style-type: none">1) Orixinalidade2) Aplicación de fundamentos3) Calidade da redacción4) Utilización de fontes bibliográficas <p>Para superar a materia, é necesario alcanzar unha puntuación mínima do 50% no traballo tutelado.</p> <p>A entrega do traballo tutelado será na quinta semana do mes de abril. No caso da modalidade online despois da entrega do traballo poderase facer un videoconferencia por Teams co estudante para verificar que o traballo foi realizado por él.</p> <p>A revisión das cualificacións efectuarase durante a quinta semana de maio.</p> | 60 |
| Oral presentation | B2 B6 | <p>O grupo (modalidade presencial/online) ou alumno de forma individual (modalidade online) deberá expoñer o seu traballo, empregando para iso os medios audiovisuais que poidan e esteñan ao seu alcance.</p> <p>É necesario entregar a presentación do traballo en power point ou en calquera outro formato similar. No caso dos estudantes da modalidade online é necesario enviar a presentación nun power point con audio.</p> <p>A presentación suporá o 20% da nota final da materia onde de forma individualizada valorarase en cada alumno esa porcentaxe tendo en conta os seguintes aspectos:</p> <ol style="list-style-type: none">1) Calidade da presentación2) Precisión e claridade da exposición e das respostas. <p>No caso de modalidade presencial todos os integrantes do grupo deberán expoñer unha parte do traballo dado que a nota da presentación oral será asignada de forma individualizada a cada alumno.</p> <p>No caso dos alumnos da modalidade online, para aqueles que o fixeran en grupo deberán de expoñer unha parte do mesmo e para os que o fixeran de forma individual todo o traballo. A plataforma empregada para iso será preferiblemente Teams.</p> | 20 |

Assessment comments

Nota:

A asistencia e participación é obrigatoria e valorarase tendo en conta a implicación dos estudantes nas sesións presenciais (modalidade presencial) ou a través da participación en moodle ou por correo electrónico (modalidade online).

Os alumnos de modalidade online poderán formar grupos de traballo con alumnos da súa mesma modalidade, sempre e cando llo notifiquen previamente ao profesor e este o considere oportuno.

A revisión das cualificacións da primeira oportunidade realizaranse durante a quinta semana do mes de maio.

O sistema de avaliación aplicado na primeira oportunidade manterase para a segunda oportunidade de Xullo. De modo que o alumno deberá entregar as lecturas correspondentes e o traballo. A entrega de traballos e lecturas na segunda oportunidade realizaranse na segunda semana do mes de xullo e a revisión das cualificacións farase na terceira semana do mes de xullo.

No caso de alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Acordarase ao inicio do curso un calendario específico de fechas compatible coa súa dedicación, pero terá a mesma obrigación de realizar actividades e de acudir a calquer tipo de proba de avaliación que o alumnado a tempo completo.

Sources of information



| | |
|----------------------|--|
| Basic | <ul style="list-style-type: none">- BUENDÍA, J.M (2009). Organización de Reuniones, Convenciones, Congresos y Seminarios.. México, Trillas- GARCÍA, J.M.; SUCH M.J (2010). Influencia de los mega-eventos en la oferta alojativa de un destino: los juegos olímpicos. Análisis Turístico 10 2º semestre, pp. 45-55. Análisis Turístico- KIRANT, O; IÇÖZ, O (2010). A Model Proposal on the Use of Creative Tourism Experiences in Congress Tourism and the Congress Marketing Mix. PASOS. Revista de Turismo y Patrimonio Cultural, Vol. 8(3) Special Issue págs. 105-113.. PASOS. Revista de Turismo y Patrimonio Cultural- LÓPEZ, D. et al (2008). Turismo de negocios y reuniones. Congresos, convenciones e incentivos,. Valencia, Tirant lo Blanch- RODRÍGUEZ, M.M (2016). Material básico para el seguimiento de las sesiones magistrales. .- LABORDA, J.L (2000). Congresos, convenciones e incentivos. Madrid, Síntesis.- MIRANDA, D. (2008). Análise do desenvolvemento e o potencial do turismo MICE. Estudo do caso de Galicia eSantiago de Compostela. Dirección Xeral de Turismo, Xunta de Galicia- MAURE AGÜERO, G. (2007). Definiciones y tendencias del turismo de eventos. Contribuciones a la Economía-- RICHERO, A. (2008). Planeación y ejecución de eventos presenciales y en línea. México, Trillas |
| Complementary | |

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.